

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de abril de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de abril de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(439).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 30 de marzo de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(440).- PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO.**

Antecedentes

Con data 15.04.04 o secretario xeral do Pleno emite informe sobre o Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo Municipal elaborado pola Comisión redactora designada ó efecto, que di o seguinte:

## LEXISLACIÓN APLICABLE.-

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*

## ANTECEDENTES.-

*A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modificou substancialmente o réxime xurídico das grandes cidades e preveu para estas –art. 137 LBRL- a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local cuxa composición e funcionamento pretenden garanti-la competencia técnica, a celeridade e independencia requeridas polos cidadáns neste ámbito.*

## INFORME.-

*A Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003 textualmente indica:*

*“Los Plenos de los Ayuntamientos a los que resulte de aplicación el régimen previsto en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de Régimen Local, introducido por esta ley dipondrán de un plazo de SEIS MESES desde su entrada en vigor para aprobar las normas orgánicas necesarias que adapten su organización a lo previsto en dicho Título”.*

*O art. 137 da LBRL sinala que as cidades ás que lles é de aplicación o Título X existirá un órgano especializado que terá as seguintes funcións: coñecer e resolve-las reclamacións que se presenten sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público; o dictame sobre proxectos de ordenanzas fiscais e a elaboración de estudos e propostas en materia tributaria cando sexa requerido para elo polos órganos competentes nesa materia. Por outro lado o apartado 5 do precepto citado advirte que a composición, competencias, organización e funcionamento do órgano especializado, así como o procedemento que utilizará para a resolución das reclamacións que se presenten regularanse por un Regulamento aprobado polo Pleno que, segundo o art. 123.1.c), “in fine”, terá natureza orgánica necesitando, en virtude delo para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2 LBRL).*

*A Comisión redactora designada no seu día pola Alcaldía para a elaboración das normas orgánicas necesarias para o desenvolvemento da Lei de Modernización redactou o proxecto normativo que agora se somete a aprobación, no que constan lixeiras variacións introducidas pola Comisión de Seguimento integrada por representantes dos grupos municipais, variacións que se refiren ó procedemento de designación dos membros do Tribunal.*

*Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo a remisión absoluta que, no concerniente ó procedemento se fai á lexislación estatal reguladora da materia. Consideramos esta técnica normativa é acertada pois elo evitará modifica-lo Regulamento cada vez que aquela resulte alterada.*

*Polo que se refire ó Procedemento de aprobación o art. 127.1.a) da LBRL sinalar que, previa á súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Regulamento o que implica que este expediente constitue unha proposta do equipo de goberno ó máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a dictame da Comisión Informativa competente en razón da materia que o elevará paa a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quorum antes mencionado o expediente someterase a*

*información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados nese prazo efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren convenientes que, tralo seu informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederase á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL).*

Con data 16.04.04 a Excma.Alcaldesa, examinado o proxecto de Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo Municipal elaborado pola Comisión redactora designada ó efecto, e visto o informe preceptivo percedente do secretario xeral do Pleno formula á Xunta de Goberno a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Excma. Alcaldesa, acorda:

Primeiro.- Aprobalo Proxecto de Regulamento Orgánico referido ó Tribunal Económico-Administrativo Municipal do Concello de Vigo segundo o texto que figura no anexo a este acordo.

Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo a mesma a información pública mediante insercción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren convinte debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, prevé a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local, cúa composición e funcionamento pretenden garantir a competencia técnica, a celeridade e a independencia requiridas polos cidadáns nese ámbito.*

*Dito órgano prevese coa finalidade de abaratar e exilizar a defensa dos dereitos dos administrados en materia tributaria, así como para reducir a conflictividade en vía contencioso-administrativa co conseguinte alivio da carga de traballo a que se ven sometidos os órganos desa xurisdicción.*

*O artigo 137 do Capítulo III do Título X, prevé a obriga de crear nos municipios de gran poboación, incluídos no ámbito de aplicación do artigo 121 da Lei, Concello de Vigo entre eles, un órgano específico para a resolución das reclamacións económico-administrativas con competencia para a resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan competencia municipal; o dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais; así como a elaboración de estudos e propostas en materia tributaria cando sexa requirido polos órganos municipais competentes na dita materia.*

A súa regulación -composición, competencias, organización, funcionamento, así como o procedemento das reclamacións- realizarase en virtude dun regulamento de natureza orgánica que se aprobará polo Pleno da Corporación segundo dispón o artigo 123.1.c), o cal deberá axustarse ó establecido na Lei Xeral Tributaria e na normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas, sen prexuízo das adaptacións necesarias en consideración ó ámbito de actuación e funcionamento do órgano.

En cumprimento de tales previsións dítase o presente

**PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO  
CONCELLO DE VIGO.**

Artigo 1º.- Denominación, carácter, adscrición do órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións.

- 1.- O órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións económico-administrativas, denominarase Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.
- 2.- O Tribunal quedará adscrito á Concellería competente en materia de Facenda do Concello de Vigo.
- 3.- A sede deste órgano ubicarase onde radique a dos órganos centrais do Concello de Vigo, se ben por acordo do Pleno poderá fixarse a súa sede noutro lugar do termo municipal sempre que con tal decisión non se prexudique o acceso dos cidadáns ó mesmo.

Artigo 2º.- Competencias

Corresponde o Tribunal Económico-Administrativo:

- a) O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.

A competencia en relación con ingresos de dereito público de natureza non tributaria límitase ós actos dictados na vía executiva. Quedan excluídos polo tanto da súa competencia os actos dictados na fase de xestión previos a dita vía.

- b) O dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais. Este dictame deberá ser solicitado preceptivamente con carácter previo á aprobación inicial das mesmas e deberá evacuarse no prazo de dez días.
- c) No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.

A tales efectos poderán solicitar informe un tercio dos membros do Pleno, o Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Concelleiro competente en materia de Facenda do Concello de Vigo. Así mesmo poderán solicitar informe os Voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

Artigo 3º.- Composición e funcionamento.

- 1.- *O funcionamento do Tribunal basearase en criterios de independencia técnica, celeridade e gratuidade.*
- 2.- *Estará constituído por tres membros, designados polo Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:*
  - a) *Estar en posesión da titulación requirida para ser funcionario técnico de administración xeral da administración local.*
  - b) *Ostentar a condición de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional categoría superior, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, ós que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.*
  - c) *Acreditar unha recoñecida competencia técnica en materia de ingresos públicos locais.*
- 3.- *A proposta de nomeamento, trala consulta cos representanets dos grupos políticos municipais, efectuarála o Alcalde previa convocatoria indistinta acordada pola Alcaldía e publicada no BOP na que constará a descrición dos postos e os requisitos esixibles para o seu desempeño.*
- 4.- *Os membros do Tribunal cesarán pola perda da condición de funcionario e por algunha das seguintes causas:*
  - a) *A petición propia.*
  - b) *Cando o acorde o Pleno coa mesma maioría que para o seu nomeamento.*
  - c) *Cando sexan condenados mediante sentenza firme por delicto doloso.*
  - d) *Cando sexan sancionados mediante resolución firme pola comisión de falta disciplinaria grave ou moi grave.*
- 5.- *O Tribunal contará cun Presidente un Secretario e un Vocal.*

*Corresponde ó Pleno do Concello nomear e cesar, nos supostos legalmente previstos, ó Presidente e o Secretario do Tribunal de entre os seus membros.*

*Nos casos de ausencia ou enfermidade, e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, ó Presidente o substituirá o Secretario e a este substituirao o Vocal. Se algún dos membros non poidera exercer as súas funcións durante un período prolongado de tempo será suplido, mediante nomeamento accidental acordado polo Alcalde, por un funcionario que reuna os requisitos que se mencionan no apartado segundo deste precepto.*

- 6.- *O Tribunal funcionará en sala única composta polo Presidente, o Vocal e o Secretario, todos eles con voz e voto.*

*Tamén actuará de forma unipersoal a través do Presidente, do Secretario e do Vocal, nos casos previstos na normativa lexislación reguladora das reclamacións económico-administrativas e cando á contía da reclamación sexa inferior á 10.000 euros. Actuará en sala única calquera que sexa a contía cando o contido da reclamación se refira ou alegue a nulidade de disposicións normativas municipais.*

- 7.- *Os servicios municipais colaborarán co Tribunal cando este así o requira.*

*O Presidente poderá convocar ás sesións do Tribunal a funcionarios. Ditos funcionarios non participarán nas deliberacións.*

*Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal ditas facultades as ostentará o membro do Tribunal que actúe en tal condición.*

*8.- Para a preparación dos relatorios o Concelleiro Delegado que ostente competencias en materia de Facenda, a proposta do Presidente, poderá adscribir ó Tribunal os funcionarios que se estimen necesarios.*

*Artigo 4º.-Funcións dos membros do Tribunal.*

*1.- Corresponden ó Presidente a convocatoria do Tribunal, a fixación da orde do día, a dirección das deliberacións, a autorización das comunicacións con outros órganos, a convocatoria ás sesións de funcionarios, a xefatura superior do persoal adscrito ó Tribunal e aquelas outras previstas neste Regulamento.*

*2.- Cando o Tribunal actúe en Pleno, corresponderá ó Vocal do Tribunal as seguintes funcións:*

*a) Posta de manifesto, cando proceda, dos expedientes ós reclamantes para que formulen os escritos de alegacións e achega e proposición de probas.*

*b) Acordar ou denega-la práctica de probas nos expedientes de que sexan relatores.*

*c) Redacta-los relatorios de resolución, pasando copia deles, por conducto da Secretaría, ós restantes membros do Tribunal.*

*d) Redacta-la resolución definitiva e sometela á conformidade e sinatura dos restantes membros do Tribunal.*

*e) Vixiar o cumprimento das resolucións e adoptar ou propor ó Presidente, segundo proceda, as medidas pertinentes para remove-los obstáculos que se opoñan á execución.*

*Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal ditas funcións exerceralas o membro do Tribunal que actúe con tal condición.*

*3.- Corresponden ó Secretario do Tribunal as funcións seguintes:*

*a) Recibir os escritos que inicien as reclamacións económico-administrativas e reclama-los expedientes a que elas se refiren dos centros ou dependencias en que se encontren, pasándoos para a súa tramitación ó Vocal que deba despachalos.*

*b) Redactar, copiar e cursar tódalas comunicacións e ordes que acorde o Tribunal ou o seu Presidente, cando o Tribunal actúe como sala única.*

*c) Leva-los libros de rexistro e de ordes e comunicacións, os de actas e de votos particulares e archivar as testemuñas das resolucións dictadas polo Tribunal, mediante algún medio que garanta a autenticidade das mesmas.*

*d) Practica-las citacións para as reunións do Tribunal e facer chegar ó Presidente e ó Vocal o índice dos relatorios dos asuntos que teñan que examinarse en cada sesión.*

- e) *Notifica-las resolucións ós interesados que compareceran na reclamación e devolve-los expedientes, despois de incorporarlles copia autorizada daquelas ás dependencias de que procedan, para o cumprimento da dita decisión.*
- f) *Poñer en coñecemento da Intervención Xeral as resolucións estimatorias que se dicten.*
- g) *Asesorar, verbalmente ou por escrito, ó Presidente nos asuntos que este someta á súa consideración.*
- h) *Participar nas deliberacións do Tribunal e asesorar en xeral a este en cantas cuestións de dereito se susciten.*
- i) *Dirixir a tramitación dos expedientes.*
- k) *As demais previstas neste Regulamento.*

*As funcións descritas nas letras b), e) e i) cando o Tribunal actúe de forma unipersoal exerceralas o membro do Tribunal que actúe en tal condición.*

#### Artigo 5º.-Formación da vontade do Tribunal.

- 1.- *Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario. Non obstante en materia de suspensión bastará un.*
- 2.- *O Tribunal reunirse, alomenos, unha vez cada quince días e cando o convoque o Presidente.*
- 3.- *Os acordos serán adoptados pola maioría de asistentes, e dirimirá os empates o voto do Presidente.*
- 4.- *Ningún dos membros do Tribunal poderá absterse de votar, e o que disinta da maioría poderá formular voto particular por escrito, no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ó expediente sen que se faga mención ningunha nas resolucións nin na notificación dela.*
- 5.- *En calquera caso, quen formule voto reservado poderá propoñer a declaración de lesividade da decisión, dirixíndose directamente ó Concelleiro-Delegado que ostente competencias en materia de Facenda, enviándolle copia do acordo ou resolución e do seu voto reservado cos razoamentos que considere oportunos.*

#### Artigo 6º.-Actas das sesións.

- 1.- *De cada sesión que celebre o Tribunal levantarase acta, que conterà a indicación dos asistentes, lugar e tempo da reunión, mención dos expedientes vistos, resultado das votacións e sentido dos acordos.*
- 2.- *As actas aprobaranse na mesma ou posterior sesión, asinaranse polo Secretario co visto e praxe do Presidente e conservaranse correlativamente numeradas na secretaría.*
- 3.- *Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal o Secretario levantará acta daquelas actuacións que implique a comparecencia perante o Tribunal de interesados na reclamación.*

#### Artigo 7º.-Recurso contencioso-administrativo e recurso de reposición potestativo.

1.- As resolucións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo esgotan a vía administrativa e contra elas caberá recurso en vía contencioso-administrativa perante o Órgano Xurisdiccional que resulte competente, de acordo coas normas reguladoras desta xurisdicción, sen prexuízo dos supostos en que caiba o recurso extraordinario de revisión conforme o previsto no artigo 118 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- Así mesmo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar previamente contra os actos previstos no art. 137.1.a) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

#### Disposición adicional primeira

O procedemento para a tramitación e resolución das reclamacións interpostas contra os actos do Concello de Vigo que versen sobre as materias ás que se refire o artigo primeiro así como as cuestións relativas ós interesados no procedemento, obxecto das reclamacións e actuacións en xeral, rexeranse polas normas do Estado que regulan a reclamación económico-administrativa e en concreto pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no non previsto na mesma polo Regulamento de Procedemento nas Reclamacións Económico-Administrativas aprobado por Real Decreto 391/1996, do 1 de marzo ou calquera outras normas que substitúan ás citadas todo isto coas oportunas adecuacións á organización e estrutura da Administración Municipal.

#### Disposición adicional segunda.

No suposto de que o nomeamento ou nomeamentos de membros do Tribunal recaian en funcionarios da Administración Municipal do Concello de Vigo, o Pleno, nas instrucións de plantilla, poderá asignar a estes funcionarios outras funcións complementarias das sinaladas neste Regulamento que non impliquen incompatibilidade coa función principal.

#### Disposición adicional terceira.

O Presidente do Tribunal, dentro do primeiro trimestre de cada ano, comparecerá ante a Comisión Informativa competente en materia de Economía e Facenda ó obxecto de presentar e expoñer unha Memoria anual das actividades do Tribunal da que se dará conta ó Pleno.

#### Disposición transitoria

A revisión en vía xurisdiccional das resolucións que versen sobre as materias relacionadas no artigo 1º recaídas a partir do 1 de xullo de 2004, esixirá a interposición da reclamación económico-administrativa previa, circunstancia que haberá de se indicar na notificación das citadas resolucións

#### Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido na presente disposición.

#### Disposicións derradeiras



*Primeira.- Facúltase ó Concelleiro Delegado de Economía e Facenda para dicta-las Instruccións para o desenvolvemento e aplicación do presente Regulamento.*

*Segunda.- O presente Regulamento non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorran quince días hábiles dende dita publicación.*

**3(441).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4233/00 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. PILAR BOUZA MARIÑO CONTRA RESOLUCIÓN DE 13.12.99 DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 26.03.04 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interposto no recurso de referencia, que di falla o seguinte:

Desestimamo-lo recurso contencioso-administrativo interposto por D<sup>a</sup> Pilar Bouza Marió contra a resolución do Concello de Vigo de 13.12.99 pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora en relación cos danos sufridos o 1.02.99 a consecuencia dunhas obras na rúa Nicaragua, esquina Gran Vía, e declaramos dita resolución conforme a dereito. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**4(442).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 455/2001 INTERPOSTO POR TAMARO S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE 16.10.01 QUE ORDEA O PRECINTO DO LOCAL SITO NA RÚA PONTEVEDRA Nº 6. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 23.03.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por TAMARO S.L. contra resolución de 16.10.01 do concelleiro delegado de Medio Ambiente, que ordena o precinto do local sito na rúa Pontevedra nº 6, en caso de non respetarse a situación de suspensión temporal acordada o 8.10.01. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**5(443).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 229/2003 INTERPOSTO POR CONGREGACIÓN RELIGIOSA COMPAÑÍA DE MARIA EN RELACIÓN DENEGACIÓN DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.03.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Orden de la Compañía de María Nuestra Señora (“Compañía de María”) contra resolución de 5.05.03 do concelleiro delegado de Economía e Facenda do Concello de Vigo, confirmatoria en vía administrativa de recurso de reposición da de 30.10.02, denegatoria da devolución de ingresos indebidos do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) derivado de acta de proba preconstituída núm. 2632, de 10.07.00. Sen facer expresa imposición das custas deste recurso.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**6(444).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 228/2003 INTERPOSTO POR CONGREGACIÓN RELIGIOSA SALESIANA EN RELACIÓN COA DENEGACIÓN DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.03.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Sociedad de San Francisco de Sales (Congregación Salesianos de Don Bosco) contra resolución de 5.05.03 do concelleiro delegado de Economía e Facenda do Concello de Vigo, confirmatoria en vía administrativa de recurso de reposición da de 30.10.02, denegatoria da devolución de ingresos indebidos do imposto sobre construcións, intalacións e obras (ICIO) derivado de acta de rproba preconstituída núm. 697, de 27.09.01. Sen facer expresa imposición das custas deste recurso.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**7(445).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 317/03 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER VILLAR MARTÍNEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Francisco Javier Villar Martínez contra resolución dictada polo Concello de Vigo-Sector de Circulación, sobre a suposta infracción do artigo 3.1. do Regulamento de circulación e o art. 9.2 da Lei de Seguridade Vial, por conducir de modo temerario, co vehículo matrícula 8689 BDS, o día 12 de xaneiro de 2003; acto que anulo, por ser contrario a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**8(446).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 31 E 32/04 INTERPOSTOS POR IBERPLAS S.L. EN RELACIÓN CON DILIXENCIAS DE EMBARGO POR IMPAGO DO IAE DE 1992 E 1993. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo os recursos contencioso-administrativos interpostos por IBERPLAS S.L. contra resolucións por silencio administrativo do Concello de Vigo, desestimando os recursos de reposición de data 27 de novembro de 2003, interpostos pola actora cotra sendas dilixencias de embargo, da cantidade de 4000 € depositadas na conta bancaria da que é titular o recorrente, e de establecementos mercantís, respectivamente; dimanantes da reclamación en vía executiva dunhas presuntas débedas correspondentes ó IAE dos anos 1992 e 1993, expediente nº 9802503; actos que declaro axustados a Dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**9(447).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 315/2003 INTERPOSTO POR PESCA NUÑEZ S.L. EN RELACIÓN CO ALTA NO RECIBO DE EXACCIÓNS UNIFICADAS INDUSTRIAIS. DESESTIMENTO.**

Dáse conta do auto de desestimento de data 16.03.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso interposto por PESCA NUÑEZ S.L. contra o acordo do alcalde do Concello de Vigo, dictado como consecuencia do recurso de reposición interposto contra o alta no recibo do Padrón de exaccións industriais (EUI) número 37253, polo establecemento sito no Porto pesqueiro (lonxa) nº 34 correspondente ó ano 2003. O auto dispón o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ó letrado D. José Ramón Costas Alonso en nome e representación de PESCA NUÑEZ S.L. por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto.

**10(448).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVICIO DE ATENCIÓN CIDADÁ DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2003.**

Con data 24.03.04 a concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, de conformidade co establecido na base 31ª das “Bases de execución do orzamento para o ano 2004”, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor autorizados do servizo de Atención Cidadá ata o mes de decembro de 2003, e que son os seguintes:

Nº Expediente	215/321	Asunto	Adquisición material de oficina
Adxudicatario	Guilbert España, S.A. Sirvent, S.L.		
Data Intervención	14.04.03	Nº Operación	200318591
Importe	537,02 e 57,16	Partida	4631 2200000

Nº Expediente	220/321	Asunto	Gastos protocolarios inauguración Centros Cívicos
Adxudicatario	Mª Dolores Fernández Alonso (El Molino) Producciones Artísticas Boxer, S.L.		
Data Intervención	06.05.03	Nº Operación	200322316
Importe	385,20 e 1.599,64	Partida	4631 2260100

Nº Expediente	221/321	Asunto	Gastos publicidade e edicións C.A.M e cursos Internet
Adxudicatario	Ecovigo, S.L. Producciones Artísticas Boxer, S.L. Aquilino Molina Valin (Transp. Molina) Gráficas Suevia, S.L.		
Data Intervención	06.05.03	Nº Operación	200322314
Importe	2.484,49 - 8.132,53 - 139,43 - 214,60	Partida	4631 2260200

Nº Expediente	225/321	Asunto	Mobiliario auxiliar para Centros Cívicos
Adxudicatario	Sirvent, S.L. Persianas Vigo, S.L. Guilbert España, S.L.		
Data Intervención	08.05.03	Nº Operación	200322447
Importe	340,38 - 1.030,92 - 525,42	Partida	4631 6250004

Nº Expediente	268/321	Asunto	Adquisición mobiliario biblioteca
Adxudicatario	Sirvent, S.L.		
Data Intervención	10.07.03	Nº Operación	200334372
Importe	1.439,56	Partida	4631 6250000

Nº Expediente	296/321	Asunto	Asistencia técnica ordenadores asociacións e centros municipais de Internet
Adxudicatario	Aplicaciones de Informática Aevigo, S.L.		
Data Intervención	01.08.03	Nº Operación	200338183

Importe	2.000,-	Partida	4631 2270603
---------	---------	---------	--------------

Nº Expediente	331/321	Asunto	Publicacións Centros Cívicos (libramento a xustificar)
Adxudicatario	Kiosco Ana Aurora Lago La Casa del Libro		
Data Intervención	07.10.03	Nº Operación	200349744
Importe	204,15 - 303,68	Partida	4631 2200100

Nº Expediente	333/321	Asunto	Publicacións biblioteca Centro Cívico de Coruxo
Adxudicatario	Espasa Calve, S.A. (Casa del Libro-Vigo)		
Data Intervención	10.10.03	Nº Operación	200350387
Importe	1.542,42	Partida	4631 2200100

Nº Expediente	351/321	Asunto	Proxectos obras acondicionamento locais: A.VV. Socio Cultural de Candeán - Centro Socio Cultural de Saiáns (antiga vivenda Vieira) para instalación centros antena programa Proder II
Adxudicatario	Alicia I. Pérez Rodríguez		
Data Intervención	18.11.03	Nº Operación	200359155
Importe	3.248,-	Partida	4631 2270604

Nº Expediente	355/321	Asunto	Cartelería e boletíns
Adxudicatario	Antonio Armesto Rodríguez		
Data Intervención	24.11.03	Nº Operación	200360100
Importe	5.262,92	Partida	4631 2260201

Nº Expediente	362/321	Asunto	Periféricos servidor Concellería
Adxudicatario	Aplicaciones de Informática Aevigo, S.L.		
Data Intervención	03.12.03	Nº Operación	200363114
Importe	3.862,80	Partida	4631 6260001

Nº Expediente	368/321	Asunto	Impresos carta pago taxas
Adxudicatario	Gráficas Suevia, S.L.		
Data Intervención	17.12.03	Nº Operación	200367220
Importe	556,80	Partida	4631 2200000

Nº Expediente	369/321	Asunto	Páxina web xornadas "Democracia Participativa"
Adxudicatario	Fujitsu España, S.A.		
Data Intervención	17.12.03	Nº Operación	200367251
Importe	9.338,0	Partida	4631 2270603

A Xunta de Goberno queda enterada.

**11(449).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXP.TES.  
11/29967, 11/18042, 11/19790, 12/24412, 14/30497 E 5/6580.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Accion Social conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede-la prestación do Servicio de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. José Alonso Barciela. Expte. 11/29967.
- D<sup>a</sup>. Flora Rojo Fernández. Expte. 11/18042.
- D<sup>a</sup>. Concepción Carballo Parceró. Expte. 11/19790.
- D<sup>a</sup>. Carmen Núñez Durán. Expte. 12/24412.
- D<sup>a</sup>. Virtudes Ares Varela. Expte. 14/30497.
- D<sup>a</sup> Divina Rivas Comesaña. Expte. 5/6580.

**12(450).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23.02.04, SOBRE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO. EXPTE. 8184/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 7.04.04, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 23 de febreiro de 2004 adoptou un acordo sobre “Subvención á Fundación Laxeiro de 60.000 € para programación de actividades e funcionamento desta durante o ano 2004”. Expte. 8184/331, punto 15 da orde do día.*

*O segundo parágrafo da certificación dice “1º Outorgar unha transferencia de 66.111 euros (sesenta e seis mil cento once euros) á Fundación Laxeiro ...”, cando DEBE DECIR “1º Outorgar unha subvención de 60.000 € (sesenta mil euros) á Fundación Laxeiro...”.*

*A cabeceira do asunto que figura na certificación e que constaba na orde do día da citada sesión fai referencia exacta ó importe da subvención, o informe e proposta do xefe do departamento de Cultura do 10 de febreiro de 2004 que figura no expediente, conformado polo Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e e a Interventora Xeral do Concello e o documento contable AD 5969 (12-02-2004) fan referencia a unha subvención de 60.000 € (sesenta mil euros).*

*Tamén hai un erro no punto 1. “Forma de pagamento”; onde dice “actividades e funcionamento do ano 2003” debe dicir “actividades e funcionamento do ano 2004”.*

*O erro sobre a contía da subvención prodúcese ó remitir dende a unidade de Cultura á Secretaría Xeral un ficheiro cunha versión en borrador que contiña unha cifra incorrecta*

*Polo exposto faise a seguinte proposta á Xunta de GobernoLocal...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Rectificar o segundo parágrafo da certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o pasado 23 de febreiro de 2004 sobre “Subvención á Fundación Laxeiro de 60.000 € para programación de actividades e funcionamento desta durante o ano 2004”. Expte. 8184/331, debido a un erro material producido na unidade de Cultura.

Onde dice: “Outorgar unha transferencia de 66.111 Euros (sesenta e seis mil cento once euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2004, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal”; de acordo co informe e proposta do xefe do departamento de Cultura do 10 de febreiro de 2004 que figura no expediente, conformado polo Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e a Interventora Xeral do Concello e de acordo tamén coa contía que figura no documento contable AD 5969 (12-02-2004) DEBE DECIR:

*“Outorgar unha subvención de 60.000 Euros (sesenta mil euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2004, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal.”*

No punto 1. “Forma de pagamento” onde dice “actividades e funcionamento do ano 2003” debe decir “actividades e funcionamento do ano 2004”.

**13(451).- SOLICITUDE DO SERVICIO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZA-LO I TROFEO UNIVERSIDADE DE VIGO DE TRIATLÓN INDOOR O DÍA 16.05.04. EXPTE. 4392/332. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Servicio de Deportes da Universidade de Vigo e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o Servicio de Deportes da Universidade de Vigo a celebrar o vindeiro día 16 de maio de 2004 o I Trofeo Universidade de Vigo de Triatlón Indoor que se desenvolvería na estrada de circunvalación do Campus Universitario e nos viais interiores do mesmo, entre ás 10:00 e ás 14:00 h.

**14(452).- SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP PÁRROCO D. CAMILO PARA REALIZAR O XX CROSS ESCOLAR PÁRROCO D. CAMILO O DÍA 9.05.04. EXPTE. 4391/333. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do ANPA do CEIP Párroco D. Camilo e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o ANPA do CEIP Párroco D. Camilo a celebrar o vindeiro día 9 de maio de 2004 o XX Cross Escolar Párroco D. Camilo que se desenvolvería no colexio CEIP Párroco D. Camilo e arredores do mesmo, entre ás 10:00 e ás 13:30 h.

**15(453).- SOLICITUDE DO SERVICIO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR O I CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE VOLEI PRAIA O DÍA 6.05.04 NA PRAIA DO VAO. EXPTE. 4390/333. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Servicio de Deportes da Universidade de Vigo e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o Servicio de Deportes da Universidade de Vigo a celebrar o vindeiro día 6 de maio de 2004 o I Campionato Universitario de Volei Praia que se desenvolvería na praia do Vao na zona delimitada para volei praia, entre ás 9:00 e ás 21:00 h.

**16(454).- SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP OTERO PEDRAIO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR OTERO PEDRAIO O DÍA 1.05.04. EXPTE. 4389/333. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do ANPA do CEIP Otero Pedraio e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o ANPA do CEIP Otero Pedraio a celebrar o vindeiro día 1 de maio de 2004 o Cross Escolar Otero Pedraio que se desenvolvería no colexio CEIP Otero Pedraio, Avda Ramiro Pascual de Beade, e nos arredores do mesmo, entre ás 10:00 e ás 13:00 h.

**17(455).- SOLICITUDE DA A.VV. CRISTO DA VICTORIA DE COIA PARA REALIZAR O XXVI MEDIO MARATÓN POPULAR DE COIA O DÍA 23.05.04. EXPTE. 4388/333. ESTIMADA.**



Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da A.VV. Cristo da Victoria de Coia e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a A.VV. Cristo da Victoria de Coia a celebrar o vindeiro día 23 de maio de 2004 o XXVI Medio Maratón Popular de Coia que se desenvolvería con saída e chegada diante do local da A. VV. na rúa Redondela e con percorrido polas rúas Avda. de Castelao, Avda. de Europa e Avda. de Samil, entre ás 9:00 e ás 13:00 h.

**18(456).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO III FESTIVAL ALTERNATIVO DE TEATRO E DANZA “VIGO, A OUTRA ALTERNATIVA”. EXPTE 972/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico responsable do Servicio de Festas, do 7.04.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Socio-Cultural, pola interventora xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a asociación Noescafé-Teatro, para a organización do *III Festival alternativo de teatro e danza “Vigo, a outra alternativa”*.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asina-lo convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 23.000.-€, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, para facer fronte ó estipulado no convenio e que se aboará á asociación Noescafé-Teatro, CIF G-36891323.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO III FESTIVAL ALTERNATIVO DE TEATRO E DANZA “VIGO, A OUTRA ALTERNATIVA”*

*Vigo, o xxxxxx de xxxxxx de dous mil catro.*

REUNIDOS

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.*

Doutra parte, D<sup>a</sup> MARÍA DOLORES CORREA SOBRIDO, NIF 36045220-B, PRESIDENTA e en representación da entidade denominada NOESCAFÉ-TEATRO, CIF G-36891323, e con enderezo en Vigo, rúa Pizarro, 89, CP 36204; no sucesivo A ENTIDADE.

#### MANIFESTAN

1. Que a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ten entre as súas principais competencias a promoción, difusión e apoio ás creacións teatrais, fundamentalmente mediante a programación de ciclos de representacións de compañías locais e doutras comunidades españolas, por distintos lugares da cidade e dirixido a todo tipo de públicos.
2. Que no ano 2002 esta concellaría e o grupo Noescafé-Teatro organizaron o I Festival de teatro “Vigo, a outra alternativa”, acadando unha excelente acollida entre o público da nosa cidade; no ano 2003 realizouse a segunda edición cun éxito de público e crítica aínda maior.
3. Que o grupo Noescafé-Teatro está en condicións de organizar a terceira edición deste festival conxuntamente co Concello de Vigo.

Por este motivo, o Concello de Vigo e o grupo Noescafé-Teatro establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é a programación e organización do III Festival Alternativo de Teatro e Danza “Vigo, a outra alternativa”, que se celebrará no mes de maio según o programa que figura como anexo I .*

*SEGUNDA.- O presuposto xeral deste convenio, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle presentado pola ENTIDADE e que figura como anexo II, ascende a un total de 23.000.-€, que serán aplicados á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:*

1. *Organiza-la programación do festival, para o que presentará unha completa selección de posibles compañías á Concellaría de Festas. A decisión final do contido do festival tomarase entrambas partes.*
2. *Xestionar directamente todas as cuestións referentes aos grupos teatrais seleccionados para o festival.*
3. *Contratar ao seu cargo o material gráfico necesario para a difusión do festival, consistente en carteis, programas, entradas e invitacións; de todos modos, deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural antes da súa edición definitiva. Tamén será responsabilidade da ENTIDADE a súa distribución.*
4. *Comeza-las actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando coa antelación suficiente ó correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias para o bó desenvolvemento das representacións.*
5. *Asumir tódolos gastos que se deriven da contratación das compañías participantes no festival (cachés, desprazamentos, aloxamentos, manutención...); así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos a cada unha das compañías.*

6. *Aportar o persoal necesario para a xestión das taquillas e información ao público; este persoal, en cumprimento da ordenanza municipal de Normalización lingüística, deberá utilizar o galego.*
7. *Presentar á Concellaría de Festas e Animación Sociocultural a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos vinte días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: afluencias de público, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, acompañando a documentación xustificativa correspondente.*
8. *Incluír o logotipo da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural en calidade de organizador en todo o material gráfico que se edite para o festival, así como en toda a difusión aos medios de comunicación que se realice. A presentación oficial do festival xestionarase entrambas partes. Os logotipos das empresas ou entidades colaboradoras no festival, se é o caso, seguirán a orde e prelación de tamaños que corresponda segundo o valor da súa colaboración.*

*QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:*

1. *Aportar a cantidade total de 23.000.-€, para a organización e realización do festival.*
2. *Reservar as instalacións do auditorio do Concello para os días 5, 7, 8, 12, 14 e 15 de maio, e xestionar o permiso para a utilización do Salón de actos do MARCO para os días 6 e 13 de maio.*
3. *Aportar a produción técnica necesaria para as representacións previstas no festival, de acordo co “rider” que aporten as compañías; a Concellaría de Festas nomeará un responsable de produción que fará de interlocutor coa ENTIDADE e non asumirá ningunha outra cuestión técnica que as reflexadas no citado “rider”.*
4. *Xestionar e aboar os dereitos de autor que se deriven do festival.*

*SEXTA.- O prezo da entrada para cada espectáculo fíxase de mutuo acordo en 5.-€, e estabreceranse bonos semanais de 15.-€ e para todo o festival de 30.-€; a xestión da recaudación será total responsabilidade da ENTIDADE. Así mesmo, editaranse invitacións, das que se entregarán un total de 20.- para cada unha das representacións á Concellaría de Festas, para atender aos seus compromisos protocolarios, cunha antelación mínima de tres días ao comezo do festival.*

*SÉTIMA.-O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural nos propios espectáculos programados.*

*OITAVA.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:*

1. *Un primeiro pagamento de 10.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0139 32 0040007514 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 4 de maio.*
2. *Un segundo pagamento de 10.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0139 32 0040007514 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 11 de maio.*
3. *Un terceiro e derradeiro pagamento por un importe de 3.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, trala conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ó desenvolvemento xeral do festival e á memoria-avaliación estipulada na cláusula terceira,*

6, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

En caso de suspensión dalgún dos espectáculos e se non se decide a súa substitución, o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo os datos que figuran no presuposto.

NOVENA.- Toda a información sobre o festival, especialmente no material gráfico, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2004. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para resolver as posibles incidencias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bó desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e a un so efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

**19(457).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPUESTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONES E LIQUIDACIONES. EXPTE.5/2004.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Contabilidade, de 1.04.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno, acorda:

Anula-los saldos pendentes de cobro del Presupuesto de Ingresos (ejercicios pechados), polos importes e conceptos seguintes:

<u>PRESUPUESTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE EUROS</u>
1996	761.00	Pavimento R. Tomás Alonso e Avd. Gran Vía	29.499,07
1998	761.09	Diputación mellora firme A diferenza entre o contraído pendente e o proposto para anulación, corresponde a cantidades pendentes de resolución do Tribunal Contencioso-Administrativo.	61.576,09

1999

470.06

Transferencia Continente

18.030,36

**20(458).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN DE PEÑAS “EL OLIVO” DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR LA FESTA DAS PEÑAS OS VINDEIROS DÍAS 26 E 27 DE XUÑO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 69448/210. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude presentada por D. Balbino Moreira Vállez en representación da Federación de Peñas “El Olivo” e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico da Área de Mobilidade e Seguridade, do 2.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Federación de Peñas "El Olivo", á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DAS PEÑAS, os vindeiros 26 e 27 de xuño de 2004 no Parque de Castrelos, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado: 2:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**21(459).- ADXUDICACIÓN PARA CHATARRA DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 69515/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Área de Mobilidade e Seguridade, do 12.04.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg, debendo retirar-

los no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo Concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

<u>Matricula</u>	<u>Marca Modelo</u>
EXPEDIENTE : 4 / 2001	
PO-2783-W	MERCEDES BENZ 200 D
PO-9233-Y	FORD FIESTA 1.1
PO-5997-AN	SEAT TERRA 1.4
EXPEDIENTE : 5 / 2001	
PO-6791-U	FORD ESCORT
PO-5916-AM	SAAB 900 SE
EXPEDIENTE : 6 / 2001	
PO-8933-P	CITROEN GSA ESPECIAL
EXPEDIENTE : 2 / 2002	
C-2117-BCM	PIAGGIO ZIP AGUA
EXPEDIENTE : 5 / 2002	
EWE-857	FORD
BU-0680-J	RENAULT R-9 GTD
C-7835-Y	SEAT PANDA 40
M-7057-IX	FORD FIESTA
OR-1474-D	SEAT 124 SPORT
OR-4936-L	BMW 524 TD
PM-6667-AT	BMW 316
PO-4480-U	FORD FIESTA
PO-0015-W	SEAT MALAGA
PO-8982-W	RENAULT R-4
PO-8389-X	V.W. POLO CLASSIC
PO-3132-Y	SEAT IBIZA

PO-7203-AC  
PO-0213-AD  
PO-3477-AD  
PO-6772-AD  
PO-8690-AD  
PO-3963-AM  
PO-2233-AN  
PO-9569-AN  
SE-2613-AZ

CITROEN AX  
CITROEN C - 25  
OPEL KADETT GSI  
RENAULT R-5  
CITROEN AX 1.1  
FIAT UNO 45  
FORD ORION  
FORD SIERRA  
V.W. PASSAT

EXPEDIENTE : 6 / 2002

C-8054-BGJ  
C-3515-BHL  
C-0194-BLP  
PO-6709-BD  
RED-0905-  
VIG-6739-  
VIG-11419-

HONDA SFX 50  
PEUGEOT SPEEDFIGHT  
PIAGGIO TYPHOON  
PIAGGIO SKIPPER  
MOTO  
YAMAHA  
YAMAHA

EXPEDIENTE : 1 / 2003

PO-2253-Y  
PO-8532-AC  
PO-0164-AD  
PO-4492-AW

CITROEN VISA  
SEAT IBIZA  
V.W. POLO  
FIAT PUNTO

EXPEDIENTE : 2 / 2003

C-7434-AJ  
OR-9594-I  
PO-0156-M  
PO-1921-Z  
PO-6927-AC  
PO-1001-AG  
VA-9351-X

FORD TRANSIT  
V.W. POLO CLASSIC  
RENAULT R-5 GTL  
CITROEN BX  
RENAULT R-11  
OPEL ASCONA 2.0  
FORD MONDEO 1.8

EXPEDIENTE : 3 / 2003

C-9663-BBD  
C-9032-BDM  
C-3333-BDR  
C-2766-BFH  
C-4826-BFK  
C-5961-BFW  
C-1433-BFZ

PEUGEOT SPEEDFIGHT  
PEUGEOT SQUAB  
HONDA SFX 50  
HONDA SGX 50  
SUZUKI AY 50 W  
GILERA 50 TT  
YAMAHA CY 50R

C-5585-BGC  
C-9666-BGF  
C-9797-BGF  
C-5142-BGK  
C-1621-BKC  
C-1820-BLB  
C-1538-BLR  
C-8147-BNH  
PO-3103-AK  
PO-0927-AM  
PO-6242-AP  
PO-0007-AW  
VIG-2028-

HONDA SFX 50  
YAMAHA CY 50  
YAMAHA CY 50 R  
PIAGGIO NGR  
PEUGEOT SPEEDFIGHT  
PEUGEOT SV 50  
YAMAHA CT 50 R  
GILERA RUNNER  
VESPA COSA 125  
HONDA NSR 75  
HONDA NH 90 YUPI  
HONDA NH 90 YUPI  
DERBI

EXPEDIENTE : 4 / 2003

VB-07-48  
C-0827-AB  
C-6527-AJ  
PO-4355-L  
PO-4638-V  
PO-8317-AH  
PO-5374-AL  
PO-4279-AM  
PO-2057-AN  
PO-7257-AS

FIAT UNO  
TALBOT SOLARA  
OPEL CORSA  
RENAULT R-5 GTL  
SEAT IBIZA L 1.2  
LANCIA DEDRA  
V.W. POLO COUPE  
FORD ESCORT 1.6  
LANCIA DELTA 1600  
FORD COURIER

EXPEDIENTE : 5 / 2003

C-7653-BCX  
C-4763-BFC  
C-2935-BJB  
C-8228-BKJ  
C-1172-BMP

YAMAHA CY 50  
PIAGGIO MC2  
PIAGGIO NGR RST  
PEUGEOT SPEEDFIGHT  
YAMAHA CW 50

EXPEDIENTE : 6 / 2003

JE-74-74  
73-79-DS  
XO-57-17  
PG-61-58  
MZ-ST992  
SIN PLACAS  
M-8558-FU  
M-8013-LX  
PO-0773-S  
PO-4052-V

RENAULT 5  
RENAULT 19  
RENAULT MEGANE  
FIAT UNO  
NISSAN MICRA  
PEUGEOT 205  
MERCEDES MB 140  
ALFA ROMEO 75  
TALBOT HORIZON GLS  
EBRO F 275



PO-1860-X	CITROEN VISA
PO-4423-Z	RENAULT R-9 GTC
PO-8677-Z	RENAULT EXPRESS
PO-3888-AB	CITROEN BX 1.9
PO-6014-AB	NISSAN VANETTE
PO-7723-AB	FORD FIESTA 1.1
PO-8916-AB	AUSTIN MONTEGO
PO-0069-AC	ALFA ROMEO 33
PO-0985-AD	RENAULT R-21 GTS
PO-8738-AG	RENAULT R-5 GTL
PO-0261-AH	OPEL CORSA 1.6
PO-2939-AH	SEAT IBIZA 1.2
PO-2686-AJ	FIAT UNO 45
PO-1472-AK	FORD FIESTA
PO-7696-BC	V.W. GOLF
TO-4101-K	FORD TRANSIT C-408

EXPEDIENTE : 7 / 2003

E-287773	DERBI VARIANT
244128	PIAGGIO - VESPINO
83C-012853	PIAGGIO - VESPINO
59858	DERBI 50CC
4MJ-000668	YAMAHA JOG
131C-26150	DERBI VARIANT
83C-50918	PIAGGIO - VESPINO
NO TIENE	PIAGGIO TYPHOON
00039488	OTROS - CHASIS
V-8664	PEUGEOT DESING
C-9309-BBY	GILERA RUNNER
C-9781-BCF	YAMAHA YQ 50
C-9069-BDJ	PIAGGIO NGR
C-4449-BDM	PIAGGIO ENERGY
C-1661-BDN	VESPINO 1002
C-3258-BDR	PIAGGIO ZIP BASE
C-4873-BDS	PIAGGIO ZIP BASE
C-9220-BDT	PIAGGIO MC2-98
C-2929-BDZ	PIAGGIO TYPHOON
C-2720-BFH	PIAGGIO ZIP BASE
C-9801-BGF	PIAGGIO TYPHOON
C-0460-BHB	PIAGGIO MC2 98
C-6611-BJH	YAMAHA CY 50
C-1079-BJT	PIAGGIO TYPHOON
C-1180-BKY	DERBI ATLANTIS
C-0574-BLF	DERBI PREDATOR
C-1825-BLX	VESPA ZIP
C-6035-BMW	PEUGEOT ZENITH

O-7258-AH  
PO-7749-AV

VESPA PK 125 S  
VESPA SKIPPER 150

EXPEDIENTE : 8 / 2003

100500866  
103013  
130C-07682  
13292  
245364  
BICICLETA  
CARBAL1886  
C-6272-AG  
C-4644-AM  
C-4928-BFC  
C-0198-BFS  
C-7279-BGG  
C-5146-BGK  
C-3526-BGL  
C-2286-BGY  
C-4231-BHK  
C-7681-BHM  
C-2469-BJL  
C-5622-BJP  
C-1677-BKC  
C-3053-BKV  
C-8519-BLT  
LU-7179-M  
M-9550-HW  
M-9839-JY  
OR-5473-G  
PO-0275-X  
PO-0711-AD  
PO-1971-AK  
PO-4183-AL  
PO-9078-AM  
PO-7251-AN

VESPINO NEGRA  
SUZUKI  
VESPINO NEGRA  
YAMAHA TZR 50 CC  
HYOSUNG AMARILLA  
MOUNTAINBIKE ROJA  
PEUGEOT SPEEDFIGHT  
CITROEN AX 1.1 TRE  
FORD ESCORT 1.6  
HONDA PK 50  
RIEJU RR-50  
HONDA SFX  
YAMAHA YN 50  
YAMAHA YA 50 F  
YAMAHA CW50  
APRILIA RS 50  
PIAGGIO ZIP BASE  
PIAGGIO ENERGY  
YAMAHA YN 50  
HONDA SFX 50  
PIAGGIO ENERGY  
PIAGGIO ENERGY  
ALFA ROMEO 33  
OPEL CORSA 1.0  
RENAULT R-5  
RENAULT R-9  
SEAT MALAGA  
PEUGEOT 205  
MERCEDES BENZ 240 D  
OPEL KADETT 16 SV  
RENAULT R-19  
RENAULT CLIO 1.7

EXPEDIENTE : 9 / 2003

130C-37838  
29483  
\*CARECE\*  
12473  
A-3977-BJ  
C-1135-BBD  
C-2763-BDZ

PIAGGIO - VESPINO  
KYMCO GRIS  
HONDA PX  
PEUGEOT ST  
V.W. GOLF 1.8  
KYMCO DINK  
HONDA SFX 50

C-3092-BJN	YAMAHA YQ 50
C-9564-BJT	PIAGGIO ZIP
C-4709-BKN	SUZUKI UX 50 W
C-6237-BLL	YAMAHA CY 50 R
C-6574-BMF	YAMAHA CY 50
OR-6197-H	OPEL KADETT 1.8
PO-3862-U	MERCEDES BENZ MB100
PO-5954-U	VESPA 200 DNN
PO-4420-V	MERCEDES BENZ MB100
PO-2106-W	V.W. POLO
PO-2430-X	RENAULT R-11
PO-3740-X	FORD ESCORT 1.6
PO-7470-Z	CITROEN BX
PO-4353-AG	CITROEN AX 1.4 TRD
PO-4008-AH	FORD ESCORT 1.3
PO-7848-AH	PEUGEOT 205 1.1
PO-8850-AH	SEAT IBIZA
PO-0715-AK	OPEL VECTRA 1.6
PO-7812-AK	CITROEN AX 1.4
PO-1768-AL	V.W. GOLF 1.8
PO-8379-AW	SKODA FORMAN
VIG-2687-	DERBI VARIANT
VIG-8089-	GILERA

EXPEDIENTE : 10 / 2003

BICICLETA	MENTOR Y-20 AZUL
B-3118-MC	CITROEN BX
C-3802-AS	CITROEN XM
C-9165-BDM	PIAGGIO TYP STREET
C-5369-BDY	PEUGEOT VIVACITY 50
C-4841-BFC	PIAGGIO ENERGY MC2
C-2314-BFR	PEUGEOT SPEEDFIGHT
C-0509-BPH	DERBI V START
M-2852-MV	RENAULT R-5
OR-3824-M	OPEL ASCONA
PO-5494-W	OPEL CORSA 1.2
PO-7140-X	MERCEDES BENZ MB140
PO-1756-Y	SEAT IBIZA
PO-5823-Z	SEAT MALAGA
PO-0191-AH	RENAULT R-21
PO-1064-AH	RENAULT EXPRESS
PO-4629-AN	SEAT TOLEDO

EXPEDIENTE : 1 / 2004

PO-0303-Y	RENAULT KOMBI
-----------	---------------

EXPEDIENTE : 5 / 2004

M-0410-GT

FORD FIESTA 1.1

**22(460).- RECLAMACIÓN DE DANOS DE D<sup>a</sup> MILAGROS CONDE SIMÓN, EMPREGADA EVENTUAL DO CONCELLO DE VIGO, POR ROTURA DE GAFAS EN XORNADA LABORAL. EXPTE. 2753/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 25.02.04, no que fai constar que “O pasado 27 de xaneiro Milagros Conde Simón, empregada eventual do Concello de Vigo dentro dos Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais e adscrita ó Servico de Montes, Parques e Xardíns con categoría de peón xardineiro, sendo as 8,00 h. e estando nos vestiarios dos viveiros municipais situados no Parque do Castro, esvarou e caeu ó chan motivo polo que se lle romperon as gafas de graduación que usa”, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Que se lle faga efectivo o pago, con cargo á partida orzamentaria 1210.221.09.01, dun importe de 191,81 €, correspondente á axuda que lle corresponde de conformidade cos importes para adquisición de axudas de gafas aprobados pola Comisión de Goberno o 20.11.00.

**23(461).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, foron recibidas conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Fundición Dúctil Benito S.L. a fianza por importe de 848 € constituída para responder da subministración de materiais de construción, recibidos mediante acta de 23.12.02. Expte.141/241.
- b) A Emergencia 2000 a fianza por importe de 1490,08 € constituída para responder da subministración dunha ambulancia para protección civil. Expte.144/241.

**24(462).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA REORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA MUNICIPAL DE ETNOGRAFÍA. EXPTE.2021/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto os pregos de condicións técnicas asinados polo xefe de Patrimonio Histórico, o 9.01.04, o prego de cláusulas administrativas asinados polo xefe de negociado de Contratación, o 25.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, ambolos dous para a contratación por procedemento negociado da asistencia técnica para a reorganización e xestión da Aula municipal de Etnografía; visto o informe xurídico de 8.03.04 e de acordo coa proposta do xefe de negociado de Contratación do 23.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro de Patrimonio Histórico e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 21.035,42 euros para a contratación por procedemento negociado da asistencia técnica para o deseño, programación, xestión, montaxe expositiva, dotación de pezas e monitoraxe da aula municipal de etnografía e unidade didáctica “A cultura do Pan” e deseño, montaxe, coordinación e monitorización dun taller de divulgación da arqueoloxía. que se imputarán á partida 4532.227.06.00 coa seguinte distribución por anualidades 15.776,56 euros ó ano 2004 e 5.258,85 euros ó ano 2005.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da asistencia técnica para a reorganización e xestión da aula municipal de etnografía.

3º.- Negociar con D. José Valtierra Pérez a contratación da asistencia técnica.

**25(463).- REVISIÓN DO IPC E PRÓRROGA DO CONTRATO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO Á EMPRESA LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A. (LINORSA). EXPTE.4378/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de engociado do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-la revisión do prezo do contrato de limpeza de colexios públicos do Concello de Vigo adxudicado a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.” (LINORSA) por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 30-08-2001 e fixa-lo prezo de dito contrato para a anualidade agosto de 2003/agosto de 2004 na cantidade de 1.799.653,75 euros anuais.

2º.-Autoriza-la prórroga para o periodo comprendido entre o 01-09-2004 ó 31-08-2005 do contrato de limpeza de colexios e escolas públicas adxudicado á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.” (LINORSA) por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 30-08-2001 .

**26(464).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES ORIXINAIS E RECICLADOS DE IMPRESORAS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE.1429/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado pola técnica de sistemas do Servicio de Informática, o 16.02.04, e conformado polo xefe de dito servicio, o prego de condicións administrativas asinado polo xefe de Negociado de Contratación, o 3.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a subministración de consumibles orixinais e reciclados de impresoras para o Concello de Vigo; visto o informe xurídico de 8.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 3.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro da área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 60.000 euros para a subministración de consumibles orixinais e reciclados de impresoras do concello de Vigo que se imputarán na partida 121.7.220.02.00 (38.500 euros no ano 2004 e 21.500 euros no ano 2005).

2º.- Aproba-los pregos de condicións técnicas e administrativas para a subministración de consumibles orixinais e reciclados de impresoras do Concello de Vigo.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**27(465).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL (CAT) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 307/04.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo xefe de Patrimonio Histórico, o 29.12.03, conformado polo concelleiro de Patrimonio Histórico, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado de Contratación, o 25.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos dous para a contratación por concurso dos servicios de xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) do Concello de Vigo; visto o informe xurídico de 16.03.04 e de acordo coa proposta do xefe de negociado de Contratación do 26.03.04, conformada polo xefe de Réxime Interior o concelleiro de Patrimonio Histórico e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 44.146 euros/ano para a prestación dos servicios de xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) que se imputarán á partida 453.1.227.06.01 de acordo coas seguintes anualidades: 29.430,67 € no ano 2004; 44.146 € no ano 2005 e 14.715,33 € no ano 2006.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servicios de xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**28(466).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 2 DE VIGO NO MENOR CONTÍA 581/1998 SOBRE EMBARGO Á INMOBILIARIA SAMIL S.A. EXPTE. 16757/240.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servicio de Patrimonio, do 6.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior que di o seguinte:

*Polo Xulgado de 1ra. Instancia nº 2 de Vigo en procedemento de menor cuantía nº 581/1998 acordóuse o embargo da concesión administrativa onde se atopa o Hotel Samil en garantía das sumas reclamadas à Inmobiliaria Samil,S.A., e a toma de anotación de dita traba.*

*Segundo resulta dos antecedentes obrantes no Inventario Municipal de Bens e Dereitos a Entidade Inmobiliaria Samil,S.A. é actual adxudicataria da cesión en uso dunha parcela en Samil para a construción dun hotel, outorgada en réxime de dereito real de superficie por acordo plenario de 22 de marzo de 1966, e que figura inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos no epígrafe 8 Revertibles co nº de inventario 000056.*

*A fin de dar cumprimento ó interesado polo Xulgado de 1ra. Instancia nº 2 de Vigo, proponse á Xunta do Goberno Local que, en uso das facultades que lle confire a normativa vixente, adopte o seguinte acordo:*

*1º.- Tomar razón da resolución do Xulgado de 1ra. Instancia nº 2 de Vigo, de data 24 de setembro de 2003 dictada no procedemento de menor cuantía 581/1998, anotándose ó efecto na ficha correspondente ó Hotel Samil, nº de Inventario 000056 do epígrafe 8 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993 ,o embargo acordado na mesma.*

*2º.- Dar traslado da presente ó Xulgado de 1ra. Instancia nº 2 de Vigo, á Sociedade Inmobiliaria Samil,S.A., e ós servizos municipais correspondentes.*

Acordo

A Xunta de Goberno resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

**29(467).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 30.03.04 DE CONTRATACIÓN INTERINA CON CARGO A DÚAS PRAZAS VACANTES DE AXUDANTE DE OFICIOS. EXPTE.14591/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do decreto da Alcaldía de data 30.03.04, que resolve de conformidade co seguinte informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal da mesma data:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 9 de febreiro ppdo, declarou urxente a contratación interina de tres axudantes de oficios para cubrir dúas vacantes de vixiantes porteiros no servizo de Educación.*

*No cadro de persoal e relación de postos de traballo correspondente ó pasado ano 2003, aprobado polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 14 de xaneiro do mesmo ano (BOP de Pontevedra de 6 de xuño de 2003), actualmente prorrogado, figuran vacantes, entre outras, dúas prazas de axudantes de oficios, con posto de vixiante de instalacións municipais.*

*Con data 23 de marzo de 2004, finalizaron as probas para contratación temporal en réxime de interinidade de tres axudantes de oficios a traveso dunha oferta xenérica de candidatos do Servizo Galego de Colocación, figurando na acta do tribunal de dita data proposta de contratación dos aspirantes D. Feliciano Alvarez Míguez, NIF 35.948.830-Z, D. Manuel Francisco Sanmartín García, NIF 35.972.860-D e D. Jaime Fernández Comesaña, NIF 36.008.434-W, que obtiveron as máximas puntuacións nas probas efectuadas, debendo producirse a contratación dos dous primeiros aspirantes con carácter inmediateo e a terceira delas no momento no que se produza unha nova vacante, tal e como figura no acordo da Xunta de Goberno Local que figura no primeiro parágrafo desta proposta.*

*Os dous aspirantes presentaron a documentación esixida nas bases da referida convocatoria.*

*De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei de funcionarios civís do Estado, de 7 de febreiro de 1964, en concordancia co disposto no artigo 7 da Lei 4/88, de 26 de maio, da función pública de Galicia, son funcionarios interinos aqueles quen por razón de necesidade ou urxencia, ocupen prazas en plantilla en tanto non se provean por funcionarios de carreira.*

*Consonte ó disposto no artigo 104.1 da Lei de funcionarios civís do Estado, para nomear funcionarios interinos será preciso que a prestación do servizo non sexa posible realizaa coa urxencia esixida polas circunstancias, por funcionarios de carreira, debendo xustificarse tales extremos perante a Comisión superior de persoal.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante.*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autonómica de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*

*As normas invocadas fan referencia a funcionarios de carreira, se ben deben entenderse tamén de aplicación supletoria para o persoal laboral contratado en réxime de interinaxe, toda vez que a praza reservase a persoal laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á contratación proposta en réxime de interinidade, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da oposición para a cobertura de tres prazas de axudante de oficios.*



Por isto, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2004, referente á urxente necesidade de cubrir interinamente dúas prazas de axudante de oficios, vacantes no cadro de persoal e RPT para o presente ano e o contemplado nas bases da convocatoria para proceder a dita contratación e, o contido da acta do tribunal de data 23 de marzo de 2003, o xefe da Unidade de Persoal que subscribe, propo á Ilma. Sra. Alcaldesa a aprobación da seguinte:

#### PROPOSTA

Primeiro.- Contratar baixo a modalidade laboral de contrato de interinidade, con cargo a prazas vacantes de axudante de oficios, a D. FELICIANO ALVAREZ MIGUEZ (NIF 35.948.830-Z) e a D. MANUEL FRANCISCO SANMARTIN GARCIA (NIF 35.972.860-D), aspirantes que obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas para cobertura interina de prazas de axudante de oficios con posto de vixiante de instalacións, de conformidade coas bases da convocatoria e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Segundo.- Ós interesados formalizaráselles contrato laboral-temporal de interinaxe, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1 c) DA 14 do ET, RD 2546/94, RD 2720/98, RDL 11/98 e Lei 50/98.

Os aspirantes contratados deberán subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinaxe no prazo dun mes a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución.

Terceiro.- A relación contractual de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban os interesados, previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

#### Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada e ratifica-lo contido do devandito decreto.

### **30(468).- BASES DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA FUNCIONARIAL DE TÉCNICO AUXILIAR DO LABORATORIO MUNICIPAL, VACANTE NA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 14990/220.**

A Xunta de Goberno deixa pendente este asunto para que o estudie o concelleiro delegado de Persoal.

### **31(469).- SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUIDO DE D. MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 14991/220. ESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 13.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a D. Manuel López Rodríguez (núm. persoal 76514 e NIF 36.123.646-F), bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, un permiso non retribuído de tres meses de duración que comezará o día 1 de xuño e finalizará o 31 de agosto de 2004, debendo incorporarse o seu posto de traballo o día seguinte (1 de setembro de 2005), de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

**32(470).- PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DA XORNADA ESTRUCTURAL DO PERSOAL ADSCRITO Ó SEIS E DO RÉXIME DAS XORNADAS DE REFORZO. EXPTE. 14963/220.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión de 5.04.04 tratou a “proposta de regulación da xornada estrutural do persoal adscrito ó Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e do réxime das xornadas de reforzo” acordando: Remitir e considerar, no seu caso, a proposta efectuada ás negociacións que deben realizarse con ocasión da elaboración do presuposto para o ano 2004.

Con data 6.04.04 as seccións sindicais do Concello de Vigo e os concelleiros delgados de Seguridade e Persoal emiten una segunda proposta para reorganiza-la xornada estrutural do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Constan no expediente informes, respecto desta segunda proposta, do xefe da Unidade de Persoal, do 6.04.04 e do técnico de Intervención do 14.04.04, conformado pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, vistos os antecedentes, aproba a segunda proposta formulada polas seccións sindicais do Concello de Vigo e os concelleiros delegados de Seguridade e persoal, que di como se transcribe de seguido:

*Que é intención deste Goberno municipal acadar no marco da debida negociación sindical unha continua mellora das condicións de traballo dos empregados municipais, e que neste caso concreto, deben ir referidas ó persoal do servizo de extinción de incendios, ó resultar un obxectivo prioritario na reestruturación do servizo conseguir unha diminución progresiva da xornada estrutural anual que ven realizando, por enriba da xornada ordinaria , o persoal de dito servizo.*

*Que na Disposición transitoria sexta do Acordo regulador vixente preveese un exceso de xornada anual estrutural de 400 horas, sendo a vocación do propio convenio que o número destas horas sexan a reducir, ben co incremento de plantilla ou pola reestruturación das quedas de traballo. Considerando a viabilidade de poder*

disminuí-las horas estruturais anuais ata acada-las 219 horas, tal e como se desprende do informe técnico do servizo de data 9 de xaneiro de 2004, ambas partes propoñen o seguinte :

Primeiro : Que en desenvolvemento da disposición transitoria sexta primeira do Acordo regulador vixente aprobado en sesión plenaria de 28-12-1998 , a xornada estrutural anual que ven realizando o persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios por enriba da xornada ordinaria de traballo, establécese en 219 horas anuais, coas mesmas condicións retributivas e importes que os establecidas no Acordo regulador vixente, segundo o disposto no artigo 22 do devandito acordo regulador, que garante o dereito dos empregados municipais ó mantemento das súas retribucións .

A tales efectos estarase ó establecido no réxime de turnicidade e descansos previsto no informe técnico da Xefatura do servizo de data 9 de xaneiro de 2004, que se incorpora o presente expediente , adecuandoos á nova xornada estrutural .

Para o suposto de incrementarse o cadro de persoal durante os vindeiros orzamentos, procurarase acadar unha diminución progresiva da xornada estrutural nos termos que a Xefatura do servizo estableza.

A devandita xornada estrutural será de aplicación a todo o persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

En tanto en canto non se adecuen as condicións retributivas do Complemento específico do posto de oficial do SEIS no vindeiro Cadro de persoal, séralle de aplicación o vixente réxime de gratificacións extraordinarias previsto para o posto de suboficial, actualmente vacante.

Segundo : De conformidade co informe da Xefatura do SEIS de data 9 de xaneiro de 2004, establécense como servizos mínimos que debe garantir a operatividade do servizo tódolos días do ano os seguintes :

- Tres mandos .
- Seis conductores bombeiros.
- Quince bombeiros.

Estes mínimos establecidos serán distribuídos pola Xefatura entre ámbolos dous parques en función das necesidades do servizo.

No caso da eventualidade de non conquerirse por circunstancias extraordinarias os mínimos anteriormente establecidos segundo o réxime ordinario de quendas ( baixas laborais, permisos ou ausencias do persoal, etc... ) , a Xefatura ordenará os reforzos precisos para cubrir os indicados efectivos.

Sen prexuízo do anterior, e para supostos de intervención de extraordinaria gravidade ou intensidade nos que sexa preciso contar con máis efectivos que os ordinarios, poderase solicitar que se incorpore persoal de descanso tal e coma se ben facendo na actualidade.

Durante a época estival ( de xuño a setembro inclusives ) e co obxecto de garanti-los mínimos anteriormente establecidos, os descansos estruturais derivados da nova xornada de traballo quedan suprimidos durante dito período vacacional, tal e coma se reflicte no citado informe da Xefatura do servizo de 9 de xaneiro de 2004.

O réxime retributivo derivado dos reforzos que non teñan carácter estrutural seguirá realizándose, como ata a data de hoxe, segundo ó previsto na disposición transitoria sexta punto tres do vixente Acordo regulador vixente, agás que con motivo da aprobación dos vindeiros orzamentos se establezan outras contías nas Instrucións do cadro de persoal .

Terceiro : O presente acordo quedará condicioado á implantación da reestructuración do servicio a catro quendas por parte da Xefatura do SEIS.

**33(471).- PROPOSTA PARA O NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE.14967/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 25.03.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes .*

*Con datas 22 de marzo de 2004, o Xefe de sector de acción social emite sendos informes dirixidos á Unidade de persoal, comunicando a precaria situación que está pasando o servicio, especialmente no que se refire a insuficiente dotación de diplomados en traballo social, situación acrecentada pola recente baixa por incapacidade laboral permanente en grao de absoluta da funcionaria de carreira con praza de asistente social, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Puerto Martínez Maceira.*

*Nos devanditos informes, ademais de requeri-la urxene implementación de novas prazas de diplomados sociais para o vindeiro orzamento, advírtese dun retraso na tramitación de máis de coatrocentos expedientes do departamento, que están directamente relacionados coas axudas sociais que deben instarse a traveso do Concello perante a Administración autonómica.*

*Informe :*

*De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei de funcionarios civís do Estado, de 7 de febreiro de 1964, en concordancia co disposto no artigo 7 da Lei 4/88, de 26 de maio, da función pública de Galicia, son funcionarios interinos aqueles quen por razón de necesidade ou urxencia, ocupen prazas en plantilla en tanto non se provean por funcionarios de carreira.*

*Consonte ó disposto no artigo 104.1 da Lei de funcionarios civís do Estado, para nomear funcionarios interinos será preciso que a prestación do servicio non sexa posible realizar coa urxencia esixida polas circunstancias, por funcionarios de carreira, debendo xustificarse tales extremos perante a Comisión superior de persoal.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante.*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autonómica de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*

*Nas Bases da derradeira oferta de emprego público de 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “Outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a través dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios da que constou aquela. Nembargantes, tal circunstancia non se produciu, logo que non houbo outros opositores que superaran tódolos exercicios da oposición que os finalmente nomeados en propiedade, razón pola que, recentemente, houbo que prorroga-la relación funcional de interinidade con dous interinos existentes para non desatender as demandas do propio servizo.*

*Consecuentemente, e partindo da urxencia e celeridade que motiva a cubrición desta vacante recentemente producida, cumpre retroaerse á derradeira lista de substitucións existente nesta Unidade, resultante dunha convocatoria aprobada expresamente para tales efectos por acordo da Comisión municipal de Goberno de 29 de abril de 2002 (BOP de 31 de maio de 2002).*

*Por virtude do devandito acordo, deuse aprobación ás bases de selección para cubrir interinamente, naquel momento, varias prazas vacantes desta especialidade, preveendose asemade nas mesmas a formación dunha lista de substitucións para novas contratacións temporais ou nomeamentos interinos en función da puntuación obtida polos aspirantes nas probas realizadas.*

*Tal procedemento de designación resulta avalado pola propia xurisprudencia do TS, por exemplo en sentenza de 23 de setembro de 2002, na que razoadamente se fundamenta que se ben as esixencias dos principios de igualdade, mérito e capacidade resaltan en todo o seu vigor cando se proxectan no ingreso na función pública, non poden proxectarse co mesmo nivel de intensidade sobre o persoal interino, resultando a tales efectos plenamente válidas as listas de interinidades convocadas públicamente por un proceso de selección obxectivo.*

*En consecuencia co exposto, o seguinte aspirante da referida lista resultaría se-lo aspirante D. Daniel Merino Vaello, con NIF 35.454.356-V, quen procedeu a aceptar expresamente, mediante escrito de data 25 de marzo de 2004, un eventual nomeamento nomeamento interino ata que se resolva a súa cobertura definitiva na vindeira oferta de emprego público.*

*Consecuentemente, e dada a urxencia requirida, deben entenderse cumprimentados e terse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder á contratación proposta en réxime de interinidade, xa que a candidata proposta consonte á derradeira lista de substitucións obrante nesta unidade superou os exercicios do concurso-oposición convocado para tales efectos.*

*Por isto, de conformidade co contido da acta do tribunal de data 9 de agosto 2002, o xefe da Unidade de Persoal que subscribe, propon á Xunta de Goberno local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da lei Reguladora de bases de réxime local, a seguinte proposta:..."*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención, do 14.04.04, conformado pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do xefe da Unidade de Persoal, acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun funcionario interino con cargo á praza vacante de Diplomada en Traballo Social, e autorizar á Alcaldía presidencia para decreta-lo nomeamento de D. Daniel Merino Vaello, con NIF 35.454.356-V, aspirante que superou tódolos exercicios de que constou o concurso-oposición para a constitución dunha lista de substitucións de Diplomados en Traballo Social de conformidade coas bases da referida convocatoria, publicadas no BOP de 31 de maio de 2002.

2º.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, e que será incluída na vindeira Oferta de Emprego Público.

#### **34(472).- BASES DA CONVOCATORIA DE DOCE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS E SERVICIOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA. EXPTE.1414/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.04.04, e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 6.04.04, conformado pola concelleira delegada de dito departamento e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.-Aproba-las bases da convocatoria de doce bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servicios turísticos da Concellería, que se desenvolverán dende o día 15 de xuño ó 15 de setembro do ano 2004 (con dúas sesións previas de traballo preparatorio).

2º.- Aproba-lo gasto de 27.000€ para a dotación económica das bolsas de formación, con cargo á partida orzamentaria 7510.4810000, do presuposto actualmente en vigor.

3º.- Aprobar o gasto de 600€ para facer fronte ás pólizas de seguro de accidentes que se suscribirán para cada unha das bolsas, con cargo á partida 7510.2240000.

**35(473).- PROPOSTA DE APROBACIÓN TÉCNICA DE PROXECTOS DE OBRAS.**

a) Proxecto de humanización das rúas Hernán Cortés e Luis Braille. Expte. 40713/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.03.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

*O proxecto " Humanización das rúas Hernán Cortés e Luís Braille" foi redaptado por PETTRA Ingeniería, S.L., e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos Don Santiago López Fontan e Don Rubén Curros Bermudez.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para la humanización das mencionadas rúas e a reposición dos servocios que se atopan no estado deficiente.*

*O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 734.403,70 € (SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRES EUROS CON SETENTA CENTIMOS),*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio básico de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto sométese á consideración da Xunta General Local, a seguinte PROPOSTA:*

*"Aprobar tecnicamente o proxecto de "Humanización das rúas Hernán Cortés e Luís Braille" cun presuposto base de licitación de 734.403,70 € (SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRES EUROS CON SETENTA CENTIMOS), CENTIMOS*

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

b) Proxecto de humanización da rúa Magallanes. Expte. 40711/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.03.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

*O proxecto " Humanización da rúa Magallanes" foi redaptado por PETTRA Ingeniería, S.L., e suscrito polo Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos Don Santiago López Fontan e Don Rubén Curros Bermudez.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para la humanización da mencionada rúa e a reposición dos servocios que se atopan no estado deficiente*

*O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 198.548,68 €. (CENTO NOVENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CUARENTA E OITO EUROS CON SESENTA E OITO CENTIMOS).*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio básico de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto sométese á consideración da Xunta General Local, a seguinte PROPOSTA:*

*"Aprobar tecnicamente o proxecto de "Humanización da rúa Magallanes" cun presuposto base de licitación de 198.548,68 € (CENTO NOVENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CUARENTA E OITO EUROS CON SESNTA E OITO CENTIMOS).*

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**



A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**36(474).- PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA VIGO 2005”. EXPTE. 1176/110.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, do 15.04.04, o informe favorable da interventora xeral, do 16.04.04, a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-lo proxecto de convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do “Programa Vigo 2005”, co texto que de seguido se transcribe.

*CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA VIGO 2005”*

*En Vigo, a            de            l de 2004*

*R E U N I D O S*

*Dunha parte, a Excm. Sra. Corina Porro Martínez, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.*

*Doutra parte, o Ilmo. Sr. Pablo Egerique Martínez, Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.*

*Inteñen en razón dos cargos que ámbolos dous ostentan, representando ás respectivas institucións en nome das que actúan e con capacidade e lexitimación.*

*E X P O Ñ E N:*

*I.- Que o Consorcio da Zona Franca de Vigo é unha administración institucional de carácter estatal que ten por obxecto, de conformidade co Art. 80.1 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais Administrativas e da Orde Social, a xestión da Zona Franca de Vigo así como o desenvolvemento de actividades de fomento propias das administracións territoriais que o integran.*

*Que o Concello de Vigo e unha administración local de carácter municipal que, como tal e de conformidade co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, pode, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contiban a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

*II.- Que en virtude do exposto as partes conveñen establecer as bases de colaboración para as seguintes actuacións:*

*a).- Ante os importantes eventos a celebrar na cidade nos próximos meses como son a saída da Volta ó Mundo de Vela –Volvo Ocean Race– e o ano Xacobeo 2004, e en aras á súa inmediata execución, proceder a programar e definir as actuacións enmarcadas nos ámbitos da rehabilitación e revitalización prioritarios que o Concello determine.*

*b).- Planificación, xestión e execución de programas de interese xeral que redunden nun maior desenvolvemento da cidade e que o Concello considere adecuado xestionar conxuntamente, dentro da normativa legal de aplicación.*

*c).- Executar programas que resposten á consecución de fins mutuamente compartidos facilitando o exercicio coordinado das súas respectivas competencias.*

*En base ó exposto e, en desenvolvemento do citado Protocolo, as partes intervincentes ó amparo do sinalado nos arts. 57 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e 6 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, acordan suscribir este CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN económica, técnica e administrativa con fin de acadar a execución das actuacións e proxectos citados ata levalas a efecto.*

*Para tales propósitos establécense as seguintes*

## **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA.- Obxecto e ámbito do convenio.*

*É obxecto do presente Convenio regula-la colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o establecemento de bases e condicións para a realización das actuacións urbanas referidas á dinamización socioeconómica, desenvolvemento, recuperación, remodelación e revitalización da área urbana prioritaria que o Concello determina, dentro do ámbito coñecido como “Centro de Vigo”, así como, a planificación, execución e desenvolvemento de programas compartidos de interese xeral.*

*SEGUNDA.- Compromiso das partes:*

*A).- O Concello de Vigo obrígase a fixar e delimita-las concretas zonas ou ámbitos urbanos de actuación, así como o contido e programas da cada unha, os cales serán remitidos no seu momento ó Consorcio para a redacción dos proxectos técnicos de execución correspondentes, que deberán ser aprobados polo Concello.*

*Designará a dirección facultativa de cada unha das obras a executar.*

*B).- O Consorcio obrígase á redacción dos proxectos de execución correspondente unha vez recibidas do Concello as delimitación de cada zona, con seus contidos e especificacións. Ditos proxectos técnicos serán remitidos ó Concello para a súa aprobación.*

*Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiará na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos.*

*TERCEIRA.- Comisión de Seguimento.*

*Acórdase a constitución dunha Comisión Paritaria para o control, seguimento e execución do presente convenio.*

*Dita Comisión dictaminará e estudiará tanto as zonas urbanas de actuación, como a idoneidade dos proxectos técnicos redactados, formulando as pertinentes propostas ó Concello, asimesmo impulsará as actuacións que corresponden ó Consorcio nos expedientes de contratación que esta entidade pública debe incoar para o bo fin dos obxectivos previstos.*

*A comisión estará integrada por catro membros, dous en representación do Consorcio, que serán designados dentro dos catro días seguintes a sinatura deste documento pola Alcaldía-Presidencia e polo Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Actuará como Presidente da mesma un representante do Concello de Vigo.*

*CUARTA.-*

*O custo das actuacións obxecto deste Convenio, estímase na cantidade límite de NOVE MILLÓNS DE EUROS (9.000.000 €), dos cales, TRES MILLÓNS DE EUROS (3.000.000 €) serán aportados polo Concello e os SEIS MILLÓNS DE EUROS (6.000.000 €) restantes polo Consorcio. Ditas aportacións faranse, tralas modificacións presupostarias que resulten precisas, mediante ingresos na conta aberta ó efecto.*

*Os pagos correspondentes as diferentes actuacións, asistencia e obras, oxecto do presente Convenio, unha vez realizadas e executadas, efectuaranse con cargo á expresada conta, contra presentación das correspondentes facturas ou certificacións, segundo proceda, conformadas, en todo caso, polas partes intervintes.*

*QUINTA.-*

*Tendo en conta que as obras e actuacións obxecto do presente Convenio Específico, son de propiedade municipal, as cales o seu término pasarán a formar parte do inventario de bens municipais, e que as mesmas serán financiadas en parte polo Consorcio, o Concello de Vigo comprométese a compensa-lo importe dos pagos realizados por dito Consorcio.*

*En base a elo, as cantidades que o Consorcio con cargo os seus presupostos houbera satisfeito polos conceptos sinalados e ata o límite dos expresados 6.000.000 de euros, serán recoñecidas como dereito de crédito a favor do mesmo, cos efectos de “acto administrativo” e co alcance e efectos previstos no Artigo 71 da vixente Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

*Ditas cantidades, debidamente xustificadas, serán reintegradas ó Consorcio sen custe adicional ningún por compensación contra pagos de liquidacións tributarias esixibles ó mesmo, tanto periódicos como puntuais, con motivo da realización de obras, tenencia de bens inmoables ou xestión de servizos, ó igual que as taxas que por tódolos conceptos foran esixibles con cargo ó Consorcio.*

*A efectos xustificativos destes pagos, convense que será documento bastante, as correspondentes actas de finalización de obras, asinadas por ambas partes e nas cales farase constar expresamente as cantidades pagadas en cada unha con cargo ós orzamentos do Consorcio.*

*Sen prexuízo do procedemento de reembolso por compensación establecidos nesta Estipulación, as cantidades satisfeitas polo Consorcio poderán ser tamén reembolsadas por medio de actuacións urbanísticas conxuntas, cesións ou cualquera outro medio admisible en dereito e pactado polas partes intervinentes.*

#### **SEXTA.-**

*Sen prexuízo da plena eficacia do pactado neste Convenio e da súa inmediata execución, as partes asinantes, prevén a posibilidade de que as actuacións obxecto do mesmo, poidan desenvolverse e executarse no futuro a través dunha organización común, baixo a forma, estatutos e demais condicións que se pacten, toda vez, que a participación do Consorcio da Zona Franca, na forma convida, implica a colaboración nunha competencia de interese público compartida polos dous entes asinantes.*

#### **SÉTIMA.- Aprobación.**

*O presente convenio, para os seus plenos efectos, deberá ser aprobado polos órganos competentes do Concello e do Consorcio.*

#### **OITAVA.- Prazo de vixencia e réxime xurídico.**

*O presente convenio manterá a súa vixencia ata que se produza o total cumprimento das finalidades e obxetivos nel establecidos, o seu réxime xurídico exclúese do previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó previsto no artigo 3.1.c) da citada norma. Seralle de aplicación o indicado supletoriamente na Lei 30/1992, do 26 de novembro.*

*En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN no lugar e data arriba indicados.*

**37(475).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.